

## Obtención de viños sustentables e de calidade mediante estratexias alternativas na xestión da fertilidade (MR331 FEADER 2022-023B)

No marco deste proxecto, obtivéronse resultados clave en tres áreas principais: vitícola, vinícola e edafolóxica, que se resumen a continuación.

### 1. Resultados vitícolas

Ao longo do ciclo de cultivo, as parcelas experimentais presentaron diferenzas notables debido ás incidencias de enfermidades, especialmente o mildio, que afectou a todas as parcelas en 2023, cun maior impacto nalgúñas áreas. A DO e a subzona do Salnés en xeral sufriron unha redución nos rendementos debido a este problema fitosanitario. No caso das parcelas de *Paco e Lola*, o atraso da colleita e o crecemento das cubertas vexetais complicaron aínda máis o control do mildio, o que derivou en perdas de produción. En *Martín Códax*, os produtos ecolóxicos aplicados non lograron controlar o fungo, mentres que en *Altos de Torona* os danos foron menores, cunha perda do 10 %.

En canto aos resultados de produción, a colleita de 2024 mostrou unha colleita xeralmente superior á de 2023, con excepción de *Altos de Torona*, onde a colleita de 2023 foi máis abundante. En xeral, as parcelas sen fertilización química e con sementeira, especialmente en superficie, mostraron unha maior produción, aínda que algunhas parcelas en Vilardevós presentaron mellores resultados en 2023 con fertilización química ao 100 %, e en 2024, coa metade de fertilización química e sementeira.

Os valores do índice de Ravaz confirmaron que as parcelas con fertilización a media dose e sementeira foron as máis produtivas. As parcelas de *Martín Códax* e *Paco e Lola* mostraron unha mellora en 2024 respecto a 2023 debido á menor produción no primeiro ano. Con todo, as parcelas de *Altos de Torona* mostraron unha caída significativa no índice de Ravaz en 2024, o que indica que ese tratamento non foi tan efectivo.

### 2. Resultados vinícolas

En canto aos viños producidos baixo os diferentes tratamentos de fertilización, observáronse claras diferenzas no seu perfil sensorial. Os viños provenientes da fertilización 100 % química (Tratamento 1) foron máis intensos, cun carácter máis lineal e representativo da variedade e da zona, e destacan por unha maior acidez. Os viños obtidos con fertilización exclusivamente de cuberta vexetal (Tratamento 3) presentaron unha maior complexidade aromática, cun compoñente floral predominante e unha maior harmonía e volume en boca. O tratamento mixto con fertilización química e cuberta vexetal (Tratamento 2) deu lugar a viños con características intermedias, cunha intensidade e corpo moderados, e mostrou un equilibrio entre as dúas variantes anteriores.

### 3. Resultados edafolóxicos

En termos de saúde e fertilidade do solo, os resultados foron prometedores:

A aplicación de cubertas vexetais non mostrou cambios significativos na fertilidade do solo nun só ciclo de cultivo e proporcionou unha achega de nutrientes equivalentes aos da fertilización química. Isto suxire que, a curto prazo, as cubertas vexetais son unha práctica viable e sustentable que pode substituír o uso de fertilizantes químicos sen comprometer a fertilidade do solo. A mínima labranza, ou mulching tras a corta das cubertas, contribuíu ao aumento da abundancia microbiana do solo, o que indica unha mellora da súa saúde. Aínda que non se observou un sequestro significativo de carbono no solo, si se detectou unha tendencia á alza no contido de carbono orgánico co uso de cubertas vexetais, o que suxire que esta práctica pode contribuír a longo prazo ao almacenamento de carbono, aínda que se require máis tempo para observar cambios significativos.